## ETAPA 6

Cando empeza a asistir a espectáculos queda fascinado polo Teatro do Morcego de Nikita Balieff e sopesa a posibilidade de facer algo semellante aplicado ao folclore galego. De aí nace Os vellos non deben de namorarse. publicado en Bos Aires no ano 1944



Miñas donas e meus señores:

Axiña ides ver unha farsa en tres lances, na que se demostra que os vellos non deben de namorarse; pero non pensedes que a miña obra é de tesis. Non é de tesis, non. Trátase a penas dunha síntesis artística ou, máis ben, artimaña escenográfica onde xogan o amor e a morte de tres vellos imprudentes: o boticario don Saturio, que non aturou a falcatruada de Lela e mátase con solimán da súa propia botica; e o fidalgo don Ramón, que por un bico de Micaela morre deitado no esterco; o vinculeiro señor Fuco, que por casar con Pimpinela mórrese de felicidade...






## FRASE:

__ _____ _____

_______ _ ___ ____

_ _____ __ ______

Castelao




Feito por Rebe Lemat, IES Chan do Monte de Marín

# Reto CASTELAO



Ano 1921. Viaxa con Castelao por Francia, Bélxica e Alemaña e descubre os segredos agochados!!

## Instrucións do xogo

**Obxectivo**: descubre a ***frase agochada***. Acompaña a Castelao na súa viaxe e vai descubrindo cada pista para completares as letras da frase misteriosa. Sé o primeiro ou primeira en saber que dicía Castelao!!

Debe completarse correctamente cada reto e demostrar a súa solución, aínda tendo a frase completada.



## ETAPA 1

26 de xaneiro de 1921

Castelao chega a París. Hospédase no Hotel Saint_Michel e desde o seu cuarto escoita o reloxo da Universidade da Sorbona. Nese cuarto atopouse, anos despois, a seguinte nota:



2134 - ESA
1435 - RDE
2210 - SEA
1725 - GRA
1010 - IST

## ETAPA 2

Castelao pasea diante da Torre Eiffel, da que afirma que é "un guindastre xigante moi feo, feito por un inimigo da arte". Refírese a:

ALEXANDRE GUSTAVE EIFFEL
2 3 4 1





## ETAPA 3

Castelao prefire o París da arte, fronte o París turístico, dos cabarets e das postais da Torre Eiffel. Deléitase cos museos e a arte parisina...




## ETAPA 4

Na catedral de Notre_Dame síntese inmensamente conmovido polas cores das vidreiras e rosetóns e, sobre todo, coas gárgolas, que debuxa con ganas unha e outra vez no seu diario.



## ETAPA 5

O 15 de marzo vive unha aventura estrambótica. Coñece un home que afirma ser osteoloxista e que vive nunha casa escura e miserable onde vende ósos humanos, caveiras e esqueletes. En palabras de Castelao: os mellores traballos deste home consisten en sacarlle a pel da cara a unha persoa e poñela despois enriba da súa mesma caveira con ollos de vidro. Este feito inspirou Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete.




